

Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESURES

Persoal, oposicións

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS TEMPORAIS DO POSTO DE BIBLIOTECARIO/A.

A Alcaldía ditou Resolución núm.: 2024-0029, con data de 17.01.2024, pola que aproban, a convocatoria e as bases que rexerán a bolsa de traballo de Bibliotecario/a, mediante sistema de concurso oposición.

As persoas que desexen participar nestes procesos selectivos deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica (pontecesures.sedelectronica.gal), e na páxina web (www.pontecesures.org), e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono/s de contacto e **correo electrónico, e achegar a documentación esixida segundo a convocatoria.**

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias para participar na bolsa de traballo de **BIBLIOTECARIO/A** será de **10 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra..

As bases publicaranse integramente na sede electrónica, no taboleiro electrónico do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.gal), e na páxina web (www.pontecesures.org).

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

